

Hotel Balneario Baños de Brea

R/ Paradela, 4

36580 Merza, Villa de Cruces (Pontevedra)

Teléfono: 986 583 614

E-mail: correo@balneariodebrea.com

Web: www.balneariodebrea.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso é chaira, ampla e despexada de obstáculos.

Acceso

- A entrada principal do hotel ten **3** chanzos de **14 cm** de altura e unha rampla como itinerario alternativo accesible.
- A rampla de acceso mide **5 m** de lonxitude, **1,55 m** de ancho e ten unha inclinación do 6,9%.
- A porta é parcialmente acristalada, abre cara a fóra, é de dobre folla e ten un ancho libre de paso de **68 cm** cada unha. Existe un felpudo ancorado correctamente ao chan e un timbre de chamada situado a unha altura de **1,35 m**.

Vestíbulo e recepción

- O mostrador ten unha altura de **1,06 m**. Baixo este non existe un espazo libre que permita a aproximación frontal dun usuario en cadeira de rodas.

Cuarto Adaptado (Nº 120)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na **1ª** planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de **77 cm**.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360°** coa cadeira de rodas.
- A distancia entre mobles é de **1,30 m**.
- O dormitorio dispón de dúas camas individuais separadas. Teñen unha altura de **60 cm** e accédese a estas por ambos os dous lados por un espazo de 1 m de ancho.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre **40-80 cm** e o perchero está fixo a **1,95 m** de altura.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **77 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,70 m** de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de **70 cm**. O asento está a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **74 cm**.
- Dispón de barra de apoio fixa no lado dereito e outra barra abatible no lado esquerdo a **55** e **76 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **61 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **82 cm** de alto e **60 cm** de fondo.
- A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **99 cm** e o resto dos accesorios do baño están entre **1 e 1,20 m** de altura.

Ducha

- O cuarto de baño dispón de ducha, cun espazo de aproximación lateral de **1,30 m**.
- O chan da ducha esta igualado co resto do pavimento do baño e é antiescorregadizo.
- Non ten ningún asento ou cadeira de ducha homologada.
- A ducha dispón dunha barra de apoio na parede perpendicular ás billas situadas a unha altura entre **1,01 e 1,12 m** de altura.
- A billa é monomando e encóntrase **1,10 m** de altura. Dispón de cortina.

Aseo adaptado en zoa común

- Hai unha cabina de aseo adaptada. Está situada en planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta da cabina esta sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta xeral ábrese cara a dentro e mide **78 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.
- A porta da cabina adaptada é corrediza e mide **81 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **95 cm** de ancho polo lado dereito e pola fronte de **75 cm**.
- O asento está situado a unha altura de **47 cm** e o mecanismo de descarga a **1,12 m**.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo e outra abatible no lado dereito a **68 e 87 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **68 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **74 cm** de alto e **60 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello e o resto dos accesorios do aseo están a **90 cm**.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A entrada principal do hotel ten **3** chanzos cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadizo e de cor contrastada. Existe unha rampla como itinerario alternativo accesible.
- A porta é acristalada parcialmente e diante dela existe un felpudo ancorado correctamente ao chan.
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.

Cuarto estándar (nº110)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

- O número dos cuartos indícase con grandes caracteres e de cor contrastada con respecto ao fondo.
- Teñen bañeira.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet e a TV ten decodificador de teletexto.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste.

Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das estanzas e servizos, presentan contraste cromático pero non están complementadas con Braille ou altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non hai ningunha praza reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Restaurante/Buffer	Planta baixa	Accesible	Mesas rectangulares con 4 patas. Altura barra buffet: 77 cm Altura de mesa: 76 cm , Altura baixo mesa: 69 cm Ancho baixo mesa: 85 cm , Fondo baixo mesa: 80 cm Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas con pata central. Altura de mesa: 77 cm , Altura baixo mesa: 75 cm Ancho baixo mesa: 71 cm , Fondo baixo mesa: 31 cm Non dispoñen de carta en braille. Altura de barra de cafetería: 1,10 m
Salón Social	Planta 1ª	Accesible con ascensor	Colocan o mobiliario en función do evento.
Piscina	Planta baixa	Non é accesible.	Non dispón de grúa de acceso ao vaso. Non dispón de vestiario nin de aseos adaptados.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: interior Nº de chanzos por tramo: 9 Chan de textura e cor distinta en inicio e remate: Non Altura dos chanzos: 17 cm Fondo da pegada: 31 cm Con tabica: Si Con bocel: Si Zócolo de protección lateral: Si Altura de Pasamáns: 83 cm Oco baixo a escaleira protexido: Si
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,18 m Ancho da porta: 80 cm

			<p>Ancho e fondo de cabina: 1,06 x 1,39 m</p> <p>Altura dos botóns de mando: entre 90 cm e 1,06 m</p> <p>Altura do pasamáns: 90 cm</p> <p>Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non</p> <p>Cabina con sinais sonoras: Non e visuais: Si</p> <p>Botóns con números en altorrelevo: Si</p> <p>Botóns con números en braille: Si</p> <p>Botóns de cor contrastada: Si</p> <p>Botón de emerxencia con un avisador luminoso: Non</p>
--	--	--	---